



II Certame de Poesía
VICTORIANO TAIBO - ENTIDADE LOCAL DE MORGADÃNS

A Entidade Local de Morgadães en colaboración co Instituto de Estudos Miñoranos convoca o II Certame de Poesía VICTORIANO TAIBO - ENTIDADE LOCAL DE MORGADÃNS dotado con TRES MIL (3000) € que se rexerá polas seguintes

BASES:

1.- Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, de temática libre, escritos en lingua galega e non poderán ser adaptacións.

2.- Cada traballo consistirá nun ou varios textos poéticos, cunha extensión non inferior a 300 versos, que constitúan un conxunto.

3.- De cada obra presentarase orixinal e catro fotocopias. Os autores ou autoras concursarán polo sistema de plica. Os traballos faranse chegar por correo ao seguinte enderezo:

Apartado 30
36380, Gondomar.

4.- Os traballos presentados conservaranse durante un mes a partir da data de entrega do premio e logo destruíranse os que non fosen solicitados polos seus autores ou autoras.

5.- O prazo de admisión de orixinais comezará cano se faga pública esta convocatoria e rematará o día **25 de xullo de 2009**.

6.- O xurado estará presidido polo Presidente da Entidade Local de Morgadães, ou persoa na que delegue, e actuará como secretario o Director do IEM, ou persoa na que delegue, ambos con voz pero sen voto. Estará constituído, ademais, por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario.

7.- A obra premiada será publicada polo IEM na colección *Victoriano Taibo* e non xerará dereitos de autor nesta primeira edición.

8.- O xurado, se estima que a calidade das obras así o permite, poderá conceder o premio ex aequo. Tamén poderá deixar deserto o premio convocado.

9.- Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado.

10.- O feito de participar supón a aceptación destas bases.